



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN
REALIZADA O 13 DE XULLO DE 2017.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López
D. Julián Ramón Seijas Criado.
D^a. Esperanza Gayoso Pereiro.
D. Javier Fernández Brage
D. Delfín Feal Pereira.
D. Carlos Ladra Brage
D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro
D. Iago Varela Martínez.
D^a. María Eva García Amor
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as oito horas e trinta minutos do día trece de xullo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria urxente segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN. A continuación sométese a consideración da Corporación a ratificación da urxencia da convocatoria da sesión, motivada pola necesidade de adxudicación do contrato para execución das obras de Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase; procedéndose seguidamente a votación a ratificación da urxencia: o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con seis votos a favor dos membros do grupo Popular, e concelleira de AEC, un voto en contra do concelleiro de PDDdG, e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e concelleiro do BNG, acorda ratificar a urxencia da convocatoria da sesión.

2.- ADXUDICACIÓN LICITACIÓN OBRA “ EXECUCIÓN SENTENZA RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 02/0004055/1993 DO EDIFICIO O PENSO 2ª FASE”.

Visto que con data 30 de decembro de 2016 o Pleno da Corporación aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, e tramitación urxente para a obra consistente en Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase, acordando convocar a súa licitación, autorizar o gasto e aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerá o contrato.

Visto que no referido expediente se inclúen, entre outros, o proxecto técnico redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo cun orzamento de 378.276,13 euros que foi aprobado polo Pleno da Corporación en data 26 de outubro de 2016, cos informes do arquitecto municipal de datas 24 de agosto e 7 de outubro de 2016 e da asesoría xurídica externa do Concello de data 17 de outubro de 2016.

Visto que con data 23 de xaneiro de 2017 publicouse anuncio de licitación por prazo de trece días naturais no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante do Concello de Cabanas, a fin de que os interesados presentasen as súas proposicións.



Visto que durante dito prazo se presentaron dezasete proposicións, das cales Obras y Viales de Galicia S.L. foi excluída por erro na solicitude comunicada polo propio licitador.

Visto que constituída a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das proposicións, esta, despois de requirir ampliación de documentación e informes de valoración dos servizos técnicos municipais, en data 10 de xuño de 2017 realizou proposta de adxudicación a favor de da empresa Construcciones Villa y Sambade S.L. por resultar a oferta máis valorada segundo os criterios establecidos na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato segundo a seguinte puntuación:

Licitador	Oferta económica	Días prazo execución	Puntuación total
Construcciones Villa y Sambade SL	260.736,63	117	13,84
Xestión Ambiental de Contratas S.L.	275.763,30	80	13,72
Copcisa S.A.	273.228,85	127	12,47
Construcciones Abal S.A.	282.820,00	120	11,87
Desarrolla Obras y Servicios S.L.	277.937,00	150	11,35
Construcciones Orega S.L.	288.132,93	150	10,48
Prace Servicios y Obras S.A.	308.522,01	113	9,90
Ogmios Proyecto S.L.	307.946,71	120	9,73
Terrauga Proyectos y Obras S.L.	275.498,50	210	9,68
Sergonsa Servicios S.L.	265.011,78	152	9,64
IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L.	270.618,74	105	9,16
CRC Obras y Servicios S.L.	311.054,70	180	7,60
Umrer S.L.	317.373,67	210	5,18
Prosema Noroeste S.L.	320.650,00	180	4,90
Empresa Constructora Nortemar S.L.	321.597,55	180	4,82
BEGASUCEGSA	378.276,13	240	0,00

Visto que con data 14 de xuño de 2017, requiriuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, Construcciones Villa y Sambade S.L. para que presente documentación xustificativa a que fai referencia a cláusula décima cuarta do prego de cláusulas administrativas, para que no prazo de cinco días presente:

a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

d) Documentación esixida no artigo 146.1 do TRLCSP, que figura na cláusula oitava, suposto B).

Visto que con data 21 de xuño de 2017 o licitador proposto, constituíu garantía definitiva por importe de 10.774,25 euros mediante aval do Banco Popular Español S.A. e presentou os documentos xustificativos esixidos, incluído o cambio de nome por Covisam Norte S.L.

Examinada a referida documentación, e o ditame da Comisión de Obras, Servizos, Urbanismo e Emprego de data 11 de xullo de 2017.



Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira manifesta que se abstiveron na urxencia por entender que se podía haber intentado incluír no recente pleno ordinario, de todas maneiras, a execución das sentenzas do edificio do Penso veñen desde atrás e congratúlase de estar na última recta que é o que estaban pedindo, e a vista de todo o exposto no expediente, votarán a favor da contratación por considerar que compren tódolos requisitos e como dixo na Comisión espera que non se produzan os erros da 1ª fase.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez considera que tanto nas lexislaturas anteriores como nesta a actuación do goberno municipal foi insuficiente, deixaron pasar o tempo antes das eleccións por si libraban, pasou o tempo e foi multado pola Xustiza, traballaron de costas a veciñanza, propuxeron a este Pleno acordos ilegais dos que libraron porque a oposición daquela foi máis responsable, é certo que o problema xa ven de gobernos anteriores pero vostedes son herdeiros intelectuais xa que gobernan grazas ao voto dos seus sucesores, pero vostedes son realmente culpables de alongar o sufrimento da veciñanza, de non atender as súas peticións, de facer mal as cousas administrativa e politicamente, segue estando mal como na 1ª fase, someten a licitación a obra sen acordo cos veciños afectados, sen saber como van quedar os pisos cuartos, ou os realoxos, por iso o BNG vai absterse por imperativo legal de ter que ar cumprimento a unha sentenza xudicial e que politicamente o seu voto é en contra.

A concelleira de AEC María Eva García Amor indica que sempre estiveron a favor de que isto se solucionara o máis rápido posible e cumprindo as condicións que esixe a lei, lamenta que os criterios para a puntuación das empresas teñan que ser a baixa e tan estritos, porque ao final as obras execútanse nunhas condicións mínimas, está a favor e que se resolva cantos antes, que O Penso non sega sendo un atranco para facer outro tipo de obras no Concello.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña sinala que nunha tiveron actitude en contra nin a van a ter, sempre foron coherentes, é un tema do presente que inda lle queda un pouco de futuro, hai que seguir traballando desde este Pleno para que as cousas estean en negro sobre branco, recorda que o proxecto foi informado polos técnicos municipais como non acorde coa sentenza, non cumpre a sentenza e considera todo o procedemento nulo; pediu ao grupo de goberno aclaración sobre a situación da 1ª fase, si xa se fixeran tódolos trámites, si tiñan contestación do TSXG, ou como está, para evitar males nesta 2ª fase, tiran para adiante e seguen cos problemas que xa se denunciaron, hai que ter máis seriedade con veciños e co cumprimento da sentenza, este tema debería estar resolto en 2011-2012 segundo o plan de etapas do Alcalde que pediron se aclarase, non hai información, non se entregou a documentación que pediron do despacho do avogado, queren saber que contestou o TSXG con preguntas no Pleno pero tampouco se contestou.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde aclara que a intención era traelo ao pleno ordinario pero por motivos de tempo e documentación non foi posible, houbo que facer pleno extraordinario porque a contratación é urxente xa que así o esixe o xulgado; referente a acordos cos veciños xa o explicou na Comisión informativa de obras e urbanismo, e sobre a veciñanza afectada sempre se falou e intentou chegar a acordos, de feito na 1ª fase houbo acordos, e nesta 2ª fase intentarase dentro das posibilidades, os afectados intentan sacar o máximo posible, a veces por noticias de que van recibir unha indemnización máis alta, hai unhas valoracións técnicas das que non se pode



pasar, non vai entrar en si son ou non culpables, vostedes saben moi ben quen son os culpables, neste momento trátase de solucionar o problema; en canto a intervención do Sr. Pérez Sardiña é máis do mesmo, sempre foi na mesma dirección en nunca falará en positivo, non sabe como pretende gobernar algún día con estas actitudes, non todo está mal nin ao mellor todo está ben, pero hai moitas partes que están ben e moitas a solucionar día a día, e un tema a sacar para adiante e os atrancos son os que son, pero sempre estarán con afectados dentro da marxe que permite a lei.

O Sr. Pérez Sardiña insiste en que se aclara como está o plan de etapas, que non lle responde e leva dez anos con ataques persoais, vostede entrou aquí dicindo que ía resolver o problema do Penso e dez anos despois segue co problema, gustaríalle que se cumpra a sentenza e pregunta cal é o resultado da 1ª fase, se non hai documentación do despacho de avogados non poden valorar, demanda información para tomar decisións.

O Sr. Alcalde considera que o plan de etapas se está cumprindo dentro do que se pode e se xustifica no xulgado cando piden documentación, o que non vai a facer é enfrontarse aos veciños como o mellor vostede pretendía, o goberno municipal pretende chegar a acordos e o problema do Penso é de hai vinte e un anos desde a primeira sentenza, inda que naceu hai vinte e seis, agora estamos intentando solucionalo da mellor forma posible.

Despois de debatido o asunto, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro,, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con nove votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista e concelleira de AEC, un en contra do concelleiro de PDDdG, e unha abstención do concelleiro do BNG, acorda:

Primeiro.- Adxudicar á empresa Covisam Norte S.L., CIF. B70416011, o contrato de obras de Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase,, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, tramitación urxente, varios criterios de adxudicación, por ser a oferta máis vantaxosa segundo a valoración realizada pola Mesa de contratación de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, cuxo proxecto técnico foi aprobado polo Pleno da Corporación en data 26 de outubro de 2016 e o expediente de contratación en data 31 de decembro de 2016, publicándose a licitación no Boletín Oficial da Provincia núm. 15 de data 23 de xaneiro de 2017 e no Perfil de contratante.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo a partida 1511.69901 do orzamento vixente de gastos.

Terceiro.- Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada unha vez formalizado o contrato.

Cuarto.- Notificar a Covisam Norte S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato, fixando día e hora, así como lugar onde se realizará.

Quinto.- Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato de obras de Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase, no Perfil de



CONCELLO
DE
CABANAS

contratante, e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

O Secretario

